



Manual de usuario

Aplicación MOVVIC Sectorial

Mobilidade de terminais TICPESC

Elaborado por Amtega





CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN

NOME DO DOCUMENTO:	Manual de usuario MOVTIC Sectorial	VERSIÓN:	2.1
COD. DO DOCUMENTO:	MOVTIC Sectorial - Documentación MOVTIC 2.1.0		
ELABORADO POR:	Amtega	DATA:	02/05/25
VALIDADO POR:	Amtega	DATA:	02/05/25
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS

Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
2.0	Versión inicial	18/03/25
2.1	Desenvolvemento do control de versións e filtrado de documentos	02/05/25

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

Índice

1. Introducción.....	4
2. Control de acceso.....	5
3. Documento de alternancia de artes.....	8
3.1. Expedir documento.....	8
3.2. Consultar documento.....	11
3.3. Anular documento.....	13
4. Declaración de zona de traballo.....	14
4.1. Expedir declaración.....	14
4.2. Consultar declaración.....	15
4.3. Anular declaración.....	17
5. Declaración de captación de mexilla.....	18
5.1. Expedir declaración.....	18
5.1.1. Captura en cordas colectoras.....	20
5.1.2. Bancos naturais do litoral.....	21
5.2. Consultar declaración.....	25
5.2.1. Reparto das cantidades recollidas entre viveiros.....	27
5.3. Anular declaración.....	29
5.4. Consulta de carné de titular recolledor.....	29
5.5. Consulta de recolledores.....	29
6. Documento de envío a punto de control.....	31
6.1. Expedir documento.....	31
6.2. Consultar documento.....	33
6.3. Anular documento.....	34
7. Documento de transporte.....	35
7.1. Expedir documento.....	35
7.2. Consultar documento.....	40
7.3. Anular documento.....	42
8. Pesca turismo.....	43
8.1. Expedir documento.....	43
8.2. Consultar documento.....	44
9. Documento de transporte no tramo internacional do río Miño.....	46
9.1. Expedir documento.....	46
9.2. Consultar documento.....	49
9.3. Anular documento.....	52
10. Documento de recollida no tramo internacional do río Miño.....	53
10.1. Expedir documento.....	53
10.2. Consultar documento.....	56
10.3. Anular documento.....	57
11. Xestión viveiristas.....	58
11.1. Consultar documento.....	58
11.2. Resumo global de capturas.....	62
11.3. Resumo de documentos dirixidos ao usuario.....	63



1. Introducción


O presente documento ten como obxectivo detallar todos os documentos e declaracións dispoñibles para a súa xestión desde a aplicación de mobilidade MOVVIC da Plataforma Tecnolóxica da Pesca.

A aplicación MOVVIC está dispoñible nas tendas de aplicación de Apple e Google para a súa descarga. A continuación informase dos enlaces de descarga:

- Apple Store: [https://apps.apple.com/es/app/movtic/id1528492063](https://apps.apple.com/es/app/movvic/id1528492063)
- Google Play: <https://play.google.com/store/apps/details?id=gal.xunta.MOVVIC&hl=es>

2. Control de acceso.

Na pantalla de acceso á aplicación, nada máis abrila, apareceranos unha pantalla a cal verificará a versión instalada coa versión mínima requirida para o seu funcionamento e, en caso de ser necesario, obrigaranos a actualizala. En caso contrario, permitiranos omitir a actualización e procederemos a iniciar sesión con normalidade.



Para o inicio de sesión, veremos na pantalla os campos os cales deberemos cumprimentar coas credenciais de usuario de Chave365, poñendo no campo "Usuario" o seu DNI e no campo "Contrasinal" a clave de acceso. Podemos observar que temos un recadro para manter as credenciais e acceder dunha forma máis rápida as seguintes veces.

No caso de ter as credenciais correctas e estar autorizado para o uso da aplicación MOVTTIC, accederemos á seguinte pantalla.



Ao acceder á aplicación o usuario observa o listado de documentos para os que pode realizar xestións.



Cada usuario terá acceso a determinados documentos.



Os documentos nos que entraremos en detalle ao longo do documento son os seguintes:

- Declaración de Alternancia.
- Declaración de zona de traballo.
- Declaración de captación de mexilla.
- Declaración de captación de mexilla para mariscadores.
- Documento de envío a punto de control.
- Documento de transporte.
- Documento de pesca turismo.
- Declaración de aviveiramento.
- Declaración de observadores.
- Documento de transporte no tramo internacional do río Miño.
- Documento de recollida no tramo internacional do río Miño.
- Xestión de viveiristas.

3. Documento de alternancia de artes.

Para acceder a este tipo de documento, seleccionamos a opción "Alternancia" no menú de documentos. Isto levaranos a unha pantalla coas tres opcións a realizar dispoñibles: Expedir, consultar e anular documento de alternancia de artes.



3.1. Expedir documento.

Seleccionado a primeira opción, expedir documento, comezaremos o proceso de expedición dun documento de alternancia de artes. Esta acción trasladaranos a unha pantalla coa listaxe de buques vinculados ao usuario.

SELECCIONE UN PROVEDOR
AMELIA SUAREZ 3CO-4-1100
PLAYA DA CATIVA 3GI-4-2179
NUEVO DOS VICTORIAS 3VI-4-2-98
NUEVA AMERICA 3VI-5-7085
PLAYA DE SARTAXENS 3VI-5-9915
EIRADO DO COSTAL 3VI-4-4-01
PLAYA MENDUIÑA DOS 3VI-4-6-01



Tras seleccionar un dos buques, presentarásenos unha pantalla coa listaxe de opcións de rexistro a realizar dentro dun documento de alternancia de artes. Estas opcións variarán en función do buque seleccionado no primeiro paso.

PROVEDOR ▼

PLAYA DA CATIVA
3GI-4-2179

ESCOLLA UNHA OPCIÓN DE REXISTRO

Artes autorizadas no permex

Comunicación de inactividade

Pesca en augas exteriores

Tras seleccionar a opción de rexistro, accederemos a unha pantalla cunha listaxe de datas. Estas datas correspóndense cos catro días posteriores ao actual, xa que non se pode facer unha declaración para o día en curso ou anterior, salvo no caso de comunicación de inactividade, que poderá ser o día en curso.

PROVEDOR ▼

PLAYA DA CATIVA
3GI-4-2179

MODALIDADE ▼

Artes autorizadas no permex

ESCOLLA UNHA DATA

03/04/2025

04/04/2025

05/04/2025

06/04/2025

Unha vez seleccionada a data, avanzaremos o seguinte paso, no que se nos pedirá escoller a arte que queremos seleccionar. Unha vez seleccionada, deberemos indicar o número de tripulantes que queremos rexistrar para a embarcación indicada no primeiro paso deste proceso:

PROVEDOR 

PLAYA DA CATIVA
3GI-4-2179

MODALIDADE 

Artes autorizadas no permex

DATA 

03/04/2025

ARTE

ARRASTRE DE FONDO (18D)

Nº TRIPULANTES 

Para especificar o número de tripulantes, temos que pulsar o lapis á dereita do recadro en branco e inserir os datos. Unha vez indicados todos os datos do formulario, habilitase na parte inferior da pantalla o botón de "EXPEDIR" que facilita a xeración do documento

Unha vez expedido, mostraranos o detalle do documento directamente e, no caso de que queiramos, poderemos descargalo en formato PDF premendo no botón da frecha cara abaixo na parte superior dereita da pantalla.



3.2. Consultar documento.

Para consultar un documento de alternancia deberemos seleccionar a opción de "Consultar documento" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos varios elementos. Por unha banda veremos unha sección de filtros e un filtro de data aplicado por defecto ao ano en curso e unha listaxe de documentos acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de consultar os datos ou de descargar o documento en formato PDF.

2025A000004359 CONFIRMADO

PLAYA DA CATIVA
ARRASTRE DE FONDO (18D)
Expedición: 02/04/2025 11:56:40
Ini. vixencia: 03/04/2025

2025A000004358 CONFIRMADO

AMELIA SUAREZ
PALANGRILLO (14A)
Expedición: 01/04/2025 13:21:40
Ini. vixencia: 02/04/2025

2025A000004356 ANULADO

NUEVO DOS VICTORIAS
NASA NÉCORA E CAMARÓN (15K)
Expedición: 01/04/2025 09:31:12
Ini. vixencia: 02/04/2025

2025A000004043 CONFIRMADO

NUEVA AMERICA
MIÑOS (21A)
Expedición: 13/02/2025 14:28:55
Ini. vixencia: 17/02/2025

← Alternancia

2025A000004359 CONFIRMADO

DATOS BUQUE

NOME
PLAYA DA CATIVA

PERMISO DE EXPLOTACIÓN
1992PO000393

MARCAS EXTERNAS
3GI-4-2179

REXISTRO COMUNITARIO
ESP000020312

DATOS ARMADOR

NIF
B00000000

NOME
MORADIÑA

DATOS REX. DE ALTERNANCIA DE ARTES

CÓDIGO
18D

ARTE DESPACHADA
ARRASTRE DE FONDO (18D)

MODALIDADE
Artes autorizadas no permex

DATA DE VIXENCIA
03/04/2025

No caso de querer buscar documentos con datos concretos, usaremos a opción de filtrado da parte superior da pantalla, a cal poderemos despregar pulsando o botón de "Filtros".

Unha vez dentro da pantalla vemos varios elementos para poder facer a procura, por exemplo: código, situación do documento (confirmado ou anulado) datas, nome, permex... cabe destacar que os datos polos que queremos filtrar non teñen por que ser precisos, xa que poderemos filtrar por datos aproximados, por exemplo parte do nome ou parte do código do documento, pero canto máis precisos sexan, mellor será o resultado. Unha vez seleccionados os campos que nos interesen, pulsaremos o botón verde de abaixo de todo de "Filtrar" e volveremos á vista de listaxe dos elementos pero cos filtros aplicados na parte superior da pantalla, os cales poderemos eliminar de forma rápida pulsando na icona da "X" xusto á beira do nome do filtro. Tamén podemos eliminalos ou aplicar outros novos volviendo entrar na vista de filtros ou ben eliminalos todos pulsando no botón de "Limpar" que aparece tanto na vista de listaxe de documentos como na vista de filtros .

Expedición:

Embarcación:

2025A000004923 CONFIRMADO

PLAYA DA CATIVA
Sen artes
Expedición: 29/04/2025 10:33:55
Ini. vixencia: 29/04/2025

2025A000004805 CONFIRMADO

PLAYA DA CATIVA
ARRASTRE DE FONDO (18D)
Expedición: 14/02/2025 13:59:43
Ini. vixencia: 15/02/2025

2025A000004826 CONFIRMADO

PLAYA DA CATIVA
ARRASTRE DE FONDO (18D)
Expedición: 11/03/2025 17:18:13
Ini. vixencia: 12/03/2025



3.3. Anular documento.

Para anular un documento de alternancia deberemos seleccionar a opción de "Anular documento" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos unha listaxe de documentos susceptibles de anulación acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de anular o documento. Seleccionando esta opción procederase a anular o documento en cuestión.

4. Declaración de zona de traballo.

Para realizar accións con este tipo de documentos, seleccionamos a opción de “Declaración de zona de traballo” mostrada no menú de documentos. Isto levaranos a unha pantalla coas tres opcións a realizar dispoñibles: Expedir, consultar e anular.



4.1. Expedir declaración.

O primeiro paso da expedición de zona de traballo será a de seleccionar unha data. Esta deberá estar, de forma predeterminada, entre os cinco días posteriores ao actual.



Tras seleccionar unha data, a aplicación pediranos escoller unha das zonas de traballo para a que imos realizar a declaración. Como se pode apreciar na seguinte captura:

SELECCIONE UNHA ZONA

GAL 03/08-2 (As Pías)

GAL 03/08-1 (Montón) Reinstalación

GAL 03/08-2 (As Pías) Reinstalación

Zonas do Plan conxunto específico en libre marisqueo

Unha vez seleccionamos a zona de traballo, habilitarase o botón de expedir da parte de abaixo. Unha vez expedido, mostraranos o detalle do documento directamente e, no caso de que queiramos, poderemos descargalo en formato PDF premendo no botón da frecha cara abaixo na parte superior dereita da pantalla.

4.2. Consultar declaración.

Para consultar unha declaración de zona de traballo deberemos seleccionar a opción de "Consultar declaración" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos varios elementos. Por unha banda veremos unha sección de filtros e un filtro de data aplicado por defecto ao ano en curso e unha listaxe de documentos acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de consultar os datos ou de descargar o documento en formato PDF.

2025Z000000066

CONFIRMADO



JUAN

Zonas do Plan conxunto específico en libre marisqueo

Nº permiso

Expedición:02/04/2025 12:26:21

Ini. vixencia:03/04/2025

2025Z000000064

ANULADO



JUAN

GAL 03/08-2 (As Pías)

Nº permiso

Expedición:01/04/2025 09:40:24

Ini. vixencia:02/04/2025

2019Z000000026

CONFIRMADO



JUAN

GAL 03/08-2 (As Pías)

Nº permiso

Expedición:02/01/2019 14:25:34

Ini. vixencia:03/01/2019

← Declaración de zona de trab...

2025Z000000066 CONFIRMADO

DATOS DO EMISOR

CIF
88888888S

NOME
Francisco

ENDEREZO
-

TELÉFONO
-

DATOS TITULAR

NIF
32323232R

NOME
JUAN

DATOS BUQUE

NOME
ALBATROS SIETE
MARCAS EXTERNAS
4VI-5-1-08
REXISTRO COMUNITARIO
ESP000058615


No caso de querer buscar documentos con datos concretos, usaremos a opción de filtrado da parte superior da pantalla, a cal poderemos despregar pulsando o botón de "Filtros".

LIMPAR FILTROS

Data expedición dende: 01/01/2025

Unha vez dentro da pantalla vemos varios elementos para poder facer a procura, por exemplo: código, situación do documento (confirmado ou anulado) datas, zonas, nome, permex... cabe destacar que os datos polos que queremos filtrar non teñen por que ser precisos, xa que poderemos filtrar por datos aproximados, por exemplo parte do nome ou parte do código do documento, pero canto máis precisos sexan, mellor será o resultado. Unha vez seleccionados os campos que nos interesen, pulsaremos o botón verde de abaixo de todo de "Filtrar" e volveremos á vista de listaxe dos elementos pero cos filtros aplicados na parte superior da pantalla, os cales poderemos eliminar de forma rápida pulsando na icona da "X" xusto á beira do nome do filtro. Tamén podemos eliminalos ou aplicar outros novos volvendo

entrar na vista de filtros ou ben eliminalos todos pulsando no botón de "Limpar" que aparece tanto na vista de listaxe de documentos como na vista de filtros .



The image shows a user interface for document management. On the left, there are several filter input fields: 'Código' (00), 'Situación do documento', 'Expedición:' with 'Dende' (01/01/2025) and 'Ata', 'Data de vixencia', 'Zona' (GAL 03/08-2 (As Pías)), 'PERMEX do mariscador', and 'Nome do mariscador' (Juan). At the bottom of the filter section are 'LIMPAR' and 'FILTRAR' buttons. On the right, a list of document cards is displayed, each with a status bar (ANULADO or CONFIRMADO), a name (JUAN), and details like 'GAL 03/08-2 (As Pías)', 'Nº permiso', 'Expedición', and 'Ini. vixencia'.

4.3. Anular declaración.

Para anular unha declaración de zona de traballo deberemos seleccionar a opción de "Anular documento" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos unha listaxe de documentos susceptibles de anulación acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de anular o documento. Seleccionando esta opción procederase a anular o documento en cuestión.

5. Declaración de captación de mexilla.

No caso de que queiramos xestionar unha declaración de captación de mexilla deberemos seleccionar a opción correspondente no menú inicial de documentos. Isto presentaranos unha pantalla coa listaxe de opcións dispoñibles: Expedición, consulta, anulación, consulta de carné e consulta de recolectores.



5.1. Expedir declaración.

Neste apartado poderemos expedir un documento de captación de mexilla. Unha vez dentro da expedición, aparecerán os establecementos asociados ao usuario. O primeiro paso do proceso é seleccionar o establecemento de cultivo para o cal queiramos facer a declaración de captación e xerar o documento. Na seguinte imaxe ilustrase este paso:





ESTABLECEMENTO 

CAMACE V (Viveiro)
Caramiñal E 114

SELECCIONE UN ORIXE DA SEMENTE

Recollida en banco natural do litoral

Captura de semente de cordas colectoras

En función do establecemento, este orixe pode ser único ou múltiple.

Así, a aplicación consulta a información da base de datos de REXEAC da Consellería do Mar para consultar se o usuario é titular do establecemento de cultivo e, en tal caso, habilitalo para a declaración de capturas de semente das cordas colectoras. A opción de captura de semente en cordas colectoras está asociada a todos os viveiros flotantes con especie de cultivo autorizada mexillón.

Pola súa banda, a recolla en banco natural do litoral só está asociada aos establecementos habilitados polo procedemento administrativo PE515A de autorización de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do litoral.

Nótese adicionalmente que, se unicamente existe un orixe habilitado para a semente de mexillón, a aplicación accede ao seguinte paso sen esperar accións por parte do usuario.

É de interese indicar que na propia pantalla segundo se van avanzando os pasos para a expedición do documento vaise amosando na mesma as seleccións feitas polo usuario para facilitar o proceso de expedición.

5.1.1. Captura en cordas colectoras.

No caso da expedición de documentos en cordas colectoras, aparecerá a seguinte pantalla, na cal deberemos seleccionar a data da recolla de entre unhas datas dadas, 5 días anteriores á data actual.

ESTABLECEMENTO 

CAMACE V (Viveiro)
Caramiñal E 114

ORIXE DA SEMENTE 

Captura de semente de cordas colectoras

ESCOLLA UNHA DATA

02/04/2025


01/04/2025

31/03/2025


30/03/2025

29/03/2025


Cando seleccionemos a data, pasaremos á seguinte pantalla, na cal debemos cumprimentar os campos asociados á captación, en particular o número de cordas e a cantidade en quilogramos.

ESTABLECEMENTO 


CAMACE V (Viveiro)
Caramiñal E 114


ORIXE DA SEMENTE 

Captura de semente de cordas colectoras

DATA 


02/04/2025

Nº DE CORDAS 


CANTIDADE (KG) 

Premendo sobre o lapis pódese acceder á edición dos correspondente campos do formulario de expedición.

Así, no caso do nº de cordas habilitase un formulario para a incorporación de dito número na declaración.



Pola súa banda o formulario para indicar a cantidade recollida, en quilogramos, é similar, tal como se amosa na seguinte imaxe.



Unha vez indicados todos os datos do formulario, habilitase na parte inferior da pantalla o botón de "EXPEDIR" que facilita a xeración do documento asociado á declaración de captación de mexilla.

Unha vez expedido, mostraranos o detalle do documento directamente e, no caso de que queiramos, poderemos descargalo en formato PDF premendo no botón da frecha cara abaixo na parte superior dereita da pantalla.

5.1.2. Bancos naturais do litoral.

Neste caso, unha vez seleccionado o establecemento de cultivo e premendo na opción da orixe de semente asociada a recolla en bancos naturais do litoral, procederase co seguinte paso no proceso de expedición.

Este paso é o asociado á información da data da recolla, que neste caso como o proceso debe facerse en tempo real está asociado á data en curso. A continuación móstrase unha imaxe da pantalla neste paso.

←
Declaración de captación de...

ESTABLECEMENTO
▼

CAMACE V (Viveiro)
Caramiñal E 114

ORIXE DA SEMENTE
▼

Recollida en banco natural do litoral

DATA

18/03/2025

SELECCIONE UNHA ZONA

Bancos naturais do litoral

Arquipélago de Sálvora

O seguinte paso no proceso de expedición permítenos seleccionar a zona de recolla, no caso de que o usuario estea habilitado para varias. Xeralmente as habilitacións están asociadas a bancos naturais do litoral, pero nalgúns casos o usuario tamén está habilitado para a recolla nalgún dos arquipélagos (Ons, Cíes etc.). Nese caso, se amosaría o formulario para seleccionar a zona de recolla asociada á declaración como se pode observar na imaxe anterior.

Ao pulsar sobre á selección a aplicación pide permiso para obter a localización do usuario.




Inmediatamente despois de obter a localización, a aplicación propón o seguinte paso no proceso de expedición, que é a indicación da cantidade en quilogramos da semente recolleita. Neste caso o sistema controla que, para a campaña actual, o usuario non poida indicar un valor que faga que o viveiro teña declaración por encima dos 3.500 Kg autorizados por campaña. Este control de cantidades realízase no momento da expedición do documento.


A sección para informar a cantidade é como segue a continuación.



Premendo sobre o lapis accédese ao formulario de cumprimentación da cantidade.

A white dialog box with a dark border. At the top, it says 'Ingrese a cantidade'. Below that is a text input field with the placeholder text 'Cantidade'. At the bottom, there are two blue buttons: 'CANCELAR' and 'ACEPTAR'.

Cando informemos o peso total recollido, pasaremos entón o seguinte paso no que deberemos indicar o transporte empregado por vía terrestre. A lista de transportes presentados na aplicación están asociados coa habilitación que autoriza ao establecemento para a recolla en medio natural. No caso de non precisar transporte por vía terrestre debe indicarse na selección realizada no formulario.

A screen with a blue header that says 'SELECCIONE UN TRANSPORTE TERRESTRE'. Below the header, there is a list of options, each with a horizontal line underneath it. The options are: 'Non é necesario o transporte por vía terrestre', '0000LPS', '0000CTL', '0000FNT', '0000CLG', and '0000KPC'.

Unha vez seleccionada a opción que corresponda, pasaremos á seguinte pantalla, na cal poderemos seleccionar o transporte por vía marítima desde o porto ata a batea. O listado de barcos presentado é o



asociado a autorización de recolla en medio natural para o establecemento. Ademais, en todo caso, os buques deben estar en situación de alta no Rexistro de Buques de Galicia.

SELECCIONE UN TRANSPORTE MARÍTIMO

21973 - MUIÑOS
4VILL-3-59

3169 - PATIÑO
4VILL-3-9-04

Unha vez indicados todos os datos do formulario, habilitase na parte inferior da pantalla o botón de "EXPEDIR" que facilita a xeración do documento asociado á declaración de captación de mexilla.

Unha vez expedido, mostraranos o detalle do documento directamente e, no caso de que queiramos, poderemos descargalo en formato PDF premendo no botón da frecha cara abaixo na parte superior dereita da pantalla.

5.2. Consultar declaración.

Para consultar un documento de declaración de captación de mexilla deberemos seleccionar a opción de "Consultar declaración" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos varios elementos. Por unha banda veremos unha sección de filtros e un filtro de data aplicado por defecto ao ano en curso e unha listaxe de documentos acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de consultar os datos ou de descargar o documento en formato PDF.

2025S000002684
CONFIRMADO

CAMACE V(RA01629)

Recollida en banco natural do litoral
Expedición: 30/04/2025 09:40:43
Cantidad (Kg): 1,00

2025S000002671
CONFIRMADO

CAMACE V(RA01629)

Recollida en banco natural do litoral
Expedición: 21/03/2025 10:19:51
Cantidad (Kg): 10,00

2025S000002670
CONFIRMADO

PURA XVI(RA01634)

Recollida en banco natural do litoral
Expedición: 20/03/2025 16:44:36
Cantidad (Kg): 1,00

←
Declaración de captación de...

2025S000000250
CONFIRMADO

REPARTIR

DATOS DO EMISOR

CIF
88888888S

NOME
Francisco

ENDEREZO
-

TELÉFONO
-

ORIXE, DATA E ZONA DE RECOLECCIÓN

NOME
Recollida en banco natural do litoral

DATA RECOLECCIÓN
02/04/2025

ZONA DE RECOLECCIÓN
Bancos naturais do litoral

LATITUDE
02.375520

LONXITUDE
-4.432702

ABIR MAPA

No caso de querer buscar documentos con datos concretos, usaremos a opción de filtrado da parte superior da pantalla, a cal poderemos despregar pulsando o botón de "Filtros".



Data expedición dende: 01/01/2025

Unha vez dentro da pantalla vemos varios elementos para poder facer a procura, por exemplo: código, situación do documento (confirmado ou anulado) datas, orixe da semente, código do establecemento e nome... cabe destacar que os datos polos que queremos filtrar non teñen por que ser precisos, xa que poderemos filtrar por datos aproximados, por exemplo parte do nome ou parte do código do documento, pero canto máis precisos sexan, mellor será o resultado. Unha vez seleccionados os campos que nos interesen, pulsaremos o botón verde de abaixo de todo de "Filtrar" e volveremos á vista de listaxe dos elementos pero cos filtros aplicados na parte superior da pantalla, os cales poderemos eliminar de forma rápida pulsando na icona da "X" xusto á beira do nome do filtro. Tamén podemos eliminalos ou aplicar outros novos volvendo entrar na vista de filtros ou ben eliminalos todos pulsando no botón de "Limpar" que aparece tanto na vista de listaxe de documentos como na vista de filtros .

Orixe da semente: Recollida en banco natural do


2025S000002684 CONFIRMADO <input type="button" value="↓"/>
CAMACE V(RA01629) Recollida en banco natural do litoral Expedición: 30/04/2025 09:40:43 Cantidade (Kg): 1,00
2025S000002671 CONFIRMADO <input type="button" value="↓"/>
CAMACE V(RA01629) Recollida en banco natural do litoral Expedición: 21/03/2025 10:19:51 Cantidade (Kg): 10,00
2025S000002669 CONFIRMADO <input type="button" value="↓"/>
CAMACE V(RA01629) Recollida en banco natural do litoral Expedición: 20/03/2025 14:50:55 Cantidade (Kg): 12,00

5.2.1. Reparto das cantidades recollidas entre viveiros.

ou algún dos arquipélagos de Ons, Cíes etc., durante as 24 horas posteriores a súa expedición preséntase na pantalla a posibilidade de repartir a cantidade da captación de mexilla noutros establecementos da súa titularidade.

REPARTIR

Así, se seleccionamos a opción "Repartir" pasaremos á seguinte pantalla:



← Declaración de captación de...

ESTABLECEMENTO ACTUAL

CAMACE V(RA01629)
Cantidade actual: 500,00 Kg.
Cantidade final: 500,00 Kg.


LISTA DE ESTABLECEMENTOS ▾

ENGADIR +

Nela infórmase a cantidade existente vinculada á declaración e no botón "ENGADIR" permítese indicar o establecemento o establecementos cos que se quere repartir a semente obtida.

Na seguinte figura obsérvase o formulario establecido a tal efecto, no que se ofrece ao usuario as opcións de establecementos de cultivo co que se quere compartir a partida para a súa selección.

Seleccione un establecemento



🔍

GOMEZ III (RA01812)

PURA XVI (RA01634)

Unha vez seleccionado o establecemento, procede indicar a cantidade que finalmente vai para o mesmo. Nótese que dita cantidade debe ser menor ou igual á declarada no documento orixinal.

Unha vez cumprimentados os datos debe premerse no botón localizado na parte superior dereita da pantalla para gardar e avanzar.

Na pantalla anterior observamos que o sistema, de xeito automático, restará os quilos do establecemento orixinal e asignaralos ao establecemento seleccionado. Neste proceso podemos engadir tantos establecementos como sexa necesario ata repartir o total dos quilogramos.

Unha vez finalizada a cumprimentación do apartado podemos premer no botón "REPARTIR" e lanzar o proceso de reparto.

O resultado final do proceso é a xeración de dous novos documentos e a marca de "Anulado por reparto" para o documento orixinal como se pode observar na seguinte imaxe.

← Declaración de captación de...

2025S000000252 CONFIRMADO ↓

CAMACE V (RA01629)
Recollida en banco natural do litoral
Expedición: 02/04/2025 13:49:35
Cantidade (Kg): 300,00

2025S000000251 CONFIRMADO ↓

GOMEZ III (RA01812)
Recollida en banco natural do litoral
Expedición: 02/04/2025 13:49:35
Cantidade (Kg): 200,00

2025S000000250 ANULADO POR REPARTO ↓

CAMACE V (RA01629)
Recollida en banco natural do litoral
Expedición: 02/04/2025 13:09:20
Cantidade (Kg): 500,00

5.3. Anular declaración.

A función de anular documento, é unha opción na que o documento pode ser anulado dentro das 3 horas seguintes á súa expedición. Unha vez dentro, presentarásenos unha listaxe de documentos susceptibles de anulación acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de anular o documento. Seleccionando esta opción procederase a anular o documento en cuestión.

5.4. Consulta de carné de titular recolledor.

A funcionalidade de consulta de carné permítenos que, o usuario no seu propio teléfono, poida levar unha acreditación das habilitacións que ten en vigor e das bateas nas cales está habilitado a recolla. Trátase dun código QR que, ao escanealo, dará a información ás autoridades. Ademais, na propia pantalla da aplicación amosase tamén a información embebida no código QR.


5.5. Consulta de recolletores.

A consulta de recolletores permítenos xestionar, para todas as bateas do usuario, as persoas autorizadas á elaboración da declaración de captación.


Así, o punto de partida para este proceso é a información asociada á habilitación, onde para cada habilitación temos unha relación de persoas recolledoras e viveiros vinculados. Neste caso procedemos a presentar a información dos recolletores habilitados e, para cada un, informar das bateas nas que está habilitado.

O usuario, titular dos establecementos, pode marcar ao recolledor para habilitar a súa xestión de documentos de declaración de mexilla ben para todas as bateas para as que estea autorizado ou ben só para algunha en particular. Esta xestión ten un reflexo no uso da ferramenta en tempo real.

Na seguinte pantalla observase o interface gráfico desta xestión.



Nesta pantalla é na que podemos asinarlle os permisos ó recolleedor autorizado só para unha batea, para varias ou para todas, segundo a marca realizada na pantalla.



6. Documento de envío a punto de control.

No caso de que queiramos xestionar un documento de envío a punto de control, deberemos seleccionar a opción correspondente no menú inicial de documentos. Isto presentaranos unha pantalla coa listaxe de opcións dispoñibles: Expedición, consulta e anulación.



6.1. Expedir documento.

Seleccionando a opción de expedir un documento de envío a punto de control trasladaranos a unha pantalla cunha listaxe de provedores para os que podemos realizar o documento. Estes provedores están vinculados ao perfil do usuario emisor. Deberemos seleccionar un para poder continuar. A continuación deberemos seleccionar o plan de explotación, no caso de ser só un, seleccionárase de forma automática.



Unha vez seleccionado o plan, seleccionaremos o destino, neste caso, se só temos un destino, tamén seleccionárase de forma automática.

←
Documento de envío a punt...

PROVEDOR
▼

FUXA OS VENTOS
3CO-2-3-10

PLAN
▼

Plan de explotación de recursos específicos de percebe a pé e con embarcación nos anos 2025-2027 de C.P. A Coruña, C.P. Caión


ESCOLLA UN DESTINO
▼

Confraría de Pescadores de A Coruña

Confraría de Pescadores de Caión

Cando seleccionemos o destino, amosarase un apartado coa localización actual do usuario, o cal é soamente informativo e dous apartados nos que poderemos inserir o número de precinto e os quilogramos recollidos.

UBICACIÓN ACTUAL
▼



Nº precinto

Cantidade

Unha vez inserimos os datos necesarios, habitarase o botón de expedir.

Unha vez expedido, mostraranos o detalle do documento directamente e, no caso de que queiramos, poderemos descargalo en formato PDF premendo no botón da frecha cara abaixo na parte superior dereita da pantalla.

6.2. Consultar documento.

Para consultar un documento declaración de envío a punto de control deberemos seleccionar a opción de "Consultar documento" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos varios elementos. Por unha banda veremos unha sección de filtros e un filtro de data aplicado por defecto ao ano en curso e unha listaxe de documentos acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de consultar os datos ou de descargar o documento en formato PDF.

2025N000000024
CONFIRMADO

FUXA OS VENTOS (3CO-2 3-10)
 Expedición: 01/04/2025 19:16:31
 Data recolección 01/04/2025

2025N000000023
CONFIRMADO

FUXA OS VENTOS (3CO-2 3-10)
 Expedición: 01/04/2025 19:13:23
 Data recolección 01/04/2025

2025N000000021
CONFIRMADO

FUXA OS VENTOS (3CO-2 3-10)
 Expedición: 01/04/2025 12:38:27
 Data recolección 01/04/2025

←
Documento de envío a punt...

2025N000000024
CONFIRMADO

DATOS DO EMISOR

CIF
01010101C

NOME
VICTOR

PARTICIPANTE
Plan de explotación de recursos específicos de percebe a pé e con embarcación nos anos 2025-2027 de C.P. A Coruña, C.P. Caión

DATOS PROVEDOR

NOME
FUXA OS VENTOS

PERMISO DE EXPLOTACIÓN
2010CO006296

MARCAS EXTERNAS
3CO-2 3-10

REXISTRO COMUNITARIO
ESP000058748

No caso de querer buscar documentos con datos concretos, usaremos a opción de filtrado da parte superior da pantalla, a cal poderemos despregar pulsando o botón de "Filtros".

✕
LIMPAR

🔍
FILTROS

Data expedición dende: 01/01/2025
✕

Unha vez dentro da pantalla vemos varios elementos para poder facer a procura, por exemplo: código, situación do documento (confirmado ou anulado) datas, confraría, tipo provedor... cabe destacar que os datos polos que queremos filtrar non teñen por que ser precisos, xa que poderemos filtrar por datos aproximados, por exemplo parte do nome ou parte do código do documento, pero canto máis precisos sexan, mellor será o resultado. Unha vez seleccionados os campos que nos interesen, pulsaremos o botón verde de abaixo de todo de "Filtrar" e volveremos á vista de listaxe dos elementos pero cos filtros aplicados na parte superior da pantalla, os cales poderemos eliminar de forma rápida pulsando na icona da "X" xusto á beira do nome do filtro. Tamén podemos eliminalos ou aplicar outros novos volviendo entrar na vista de filtros ou ben eliminalos todos pulsando no botón de "Limpar" que aparece tanto na vista de listaxe de documentos como na vista de filtros .



6.3. Anular documento.

Para anular un documento de envío a punto de control deberemos seleccionar a opción de "Anular documento" do menú de accións presentado anteriormente. Unha vez dentro, presentarásenos unha listaxe de documentos susceptibles de anulación acompañada de información destacada para cada un. Seleccionando un deles levaranos ao detalle do mesmo. Nesta pantalla de detalle temos a opción de anular o documento. Seleccionando esta opción procederase a anular o documento en cuestión.

7. Documento de transporte.

No caso de que queiramos xestionar un documento de transporte deberemos seleccionar a opción correspondente no menú inicial de documentos. Isto presentaranos unha pantalla coa listaxe de opcións dispoñibles: Expedición, consulta e anulación.



7.1. Expedir documento.

Seleccionando a opción de expedir un documento de transporte trasladaranos a unha pantalla cunha listaxe de provedores para os que podemos realizar o documento. Estes provedores están vinculados ao perfil do usuario emisor. Deberemos seleccionar un para poder continuar.



Tras seleccionar o provedor levaranos á pantalla de selección do lugar de descarga. Nun primeiro momento o dispositivo desde o que estamos a realizar a expedición pediranos permisos para obter a nosa localización. Cando aceptemos os permisos xeolocalizaranos e situará o porto máis próximo nun radio de quilómetros limitado.

Coa localización detectada, asignará o porto automaticamente e trasladaranos á seguinte pantalla, encargada de seleccionar o destino do produto. Nun primeiro momento nos listará os destinos habituais do provedor seleccionado, como se pode ver na seguinte captura:

← Transporte

PROVEDOR ▼

MARADAN
3CO-1-1-03

PORTO

MERA-OLEIROS

DATOS DE DESTINO

OUTROS DESTINOS

Cedeira

A Coruña (Confraría)

A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)




